




FACHO DE DONÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km (ida e volta)
Dificultade: baixa
Duración: 1 hora



Vía de acceso ao castro



O Facho de Donón. O edificio actual é unha construción do século XVII que serviu de posto de vixía. Hai indicios de que no lugar houbo un antigo faro que se iluminaba con fogueiras.

Achegámonos á Costa da Vela, a costa ao mar aberto do Morrazo, entre as rías de Vigo e Pontevedra. Un entorno privilexiado desde o punto de vista paisaxístico e histórico. Altos cantís e amplas panorámicas sobre o Cabo Home, as illas Cíes e a boca da Ría de Vigo ata cabo Silleiro, cara ao sur, e cara ao norte Ons, o mar da Lanzada e, se o día axuda, a costa norte da ría de Arousa.

O monte facho, de 180 m de altura, pola súa situación estratéxica, foi un lugar axeitado para a observación e a defensa. Foi asentamento prehistórico, poboado castrexo e máis adiante centro de peregrinación en honra do deus Berobreo, como testemuñan as 174 aras atopadas nas recentes excavacións.

Está declarado Ben de Interese Cultural e forma parte do LIC "Costa da Vela".

Calquera destas razóns serve para xustificar unha visita ao lugar, ou simplemente facer unha breve camiñada gozando dunha mañán de bo tempo.

COMO CHEGAR

Hai que achegarse a Donón desde Cangas ou Bueu, ou desde corredor do Morrazo. Deixamos o coche no aparcamento da Caracola (onde hai uns miradoiros sobre a costa), e collemos cara ao norte pola pista, ao pouco desvíamonos á esquerda por un camiño empedrado que sobe ao Facho (ao remate do empedrado hai que desviarse á esquerda e subir por un carreiro en costa sen sinalar para achegarse ao cume).



Vista desde o Facho cara ao sur, co Cabo Home, as Cíes á dereita e o Cabo Silleiro ao fondo.



Vista do monte Facho desde o miradoiro da Caracola.



Construcións castrexas postas ao descuberto nas últimas excavacións.